



CULLEREDO ESCENA

PRIMAVERA
2025

25 DE ABRIL ÁS 20:30 HORAS UN DEUS SALVAXE TALÍA TEATRO

Dous rapaces enfróntanse con violencia nun parque. Beizos inchados e dous dentes rotos.... Os pais da «víctima» convidan os pais do «matón» á súa casa para resolver o conflito. O que comeza sendo unha charla con bromas e frases cordiais, adquire unha tinguadura máis violenta a medida que os pais van revelando as súas ridículas contradicións e grotescos prexuizos sociais.

Elenco: María Ordóñez, Marta Lado, Dani Trillo, Toño Casais

Texto: Yasmina Reza (versión de Artur Trillo)

Dirección: Artur Trillo

Duración: 70 minutos

Non recomendada para menores de 13 anos



17 DE MAIO FEIRA DE ARTESANÍA A VOLTA A GALICIA EN 313 CONCELLOS O MAGO ANTÓN

Unha volta ás orixes do Mago Antón cun espectáculo pensado para todas as idades e caracterizado pola recuperación dalgún dos seus números dos inicios máis coñecidos: ventriloquia, aparicións, desaparicións, mentalismo, xogos de mans, levitacións, transformacións, manipulacións e cartomaxia sucédense a un ritmo trepidante sorprendendo tanto a pequenos como a maiores.

Duración: 45 minutos por función

Consulta horarios e condicións das funcións o día da Feira de Artesanía

Para todos os públicos





23 DE MAIO ÁS 20:30 HORAS APAGA O CANDIL CONTRAPRODUCCIÓN

Noite de luar. Encrucillada de camiños. Entra en escena un home miúdo e melancólico. É Carlos Díaz Gestal, máis coñecido como O Xestal. Á luz dun candil, vestido de repoludo gaiteiro rosaliano, sáelle ao paso un mozo novo e garrido. É a morte.

Diversión, emoción e reflexión nun espectáculo que reivindica a riqueza da tradición oral e a memoria rural.

Elenco: Avelino González, Toni Salgado

Texto: Cándido Pazó

Dirección: Cándido Pazó

Duración: 75 minutos

Non recomendada para
menores de 10 anos

Premio María Casares
2025 ao mellor actor
secundario

30 DE MAIO ÁS 20:30 HORAS O DRAGON DE OURO SARABELA TEATRO

Unha noite, nun edificio de varios pisos, nalgún lugar de Europa: un mozo chinés sofre unha forte dor de moa na cociña do restaurante de comida rápida tailandés-chinés-vietnamita, O Dragón de ouro. Non ten permiso de residencia, nin cartos e non pode ir ao dentista. Os compañeiros deciden arrincarlla.

Elenco: Fina Calleja, Fernando Dacosta, Sabela Gago, Fran Lareu, Fernando González

Texto: Roland Schimmelpfening (tradución de Catuxa López)

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda

Duración: 75 minutos

Non recomendada para
menores de 16 anos

4 premios María Casares

2025 incluídos mellor actriz
secundaria e mellor tradución



6 DE XUÑO ÁS 20:30 HORAS MALA VIDA E PIOR MORTE DO REI RICARDO III PT EXCÉNTRICAS

Quen foi Ricardo III de Inglaterra? Un conspirador? ¿Un asasino sen escrúpulos? Este espectáculo revisa a figura do monarca inglés máis controvertido a través dun afiado monólogo cheo de ironía no que se desmonta a versión de Shakespeare. Unha proposta teatral irreverente e divertida.

Elenco: Evaristo Calvo

Texto: María Lado, Evaristo Calvo, Antón Coucheiro, William Shakespeare

Dirección: Antón Coucheiro, Evaristo Calvo

Duración: 65 minutos

Non recomendada para
menores de 16 anos




21 DE XUÑO ÁS 20:30 HORAS AGORA É O TEMPO FRANCISCO CASTRO E A BANDA DOS BORGES

O recoñecido escritor e editor Francisco Castro presenta o seu primeiro disco, unha manchea de cancións en galego da súa autoría. Castro viaxa entre o rock, o funky e o pop máis vitalista, sen esquecer algunha que outra balada.

A súa música orbita arredor de ritmos contaxiosos e letras poéticas que reivindicán a vida ao tempo que propoñen unha actitude reflexiva fronte unha realidade que merece, cando menos, ser repensada.

O disco 'Agora é o tempo' está gravado por grandes profesionais da música nacional e internacional repartidos entre Vigo, A Estrada, Bos Aires, Barcelona, Madrid ou Seattle.



CULLEREDO ESCENA

PRIMAVERA 2025

25 ABRIL
UN DEUS SALVAXE
TALIA TEATRO

30 MAIO
O DRAGÓN DE OURO
SARABELA TEATRO

17 MAIO
A VOLTA A GALICIA
EN 313 CONCELLOS
O MAGO ANTÓN

6 XUÑO
MALA VIDA E PIOR
MORTE DO REI RICARDO III
PT EXCÉNTRICAS

23 MAIO
APAGA O CANDIL
CONTRAPRODUCCIÓN

21 XUÑO
AGORA É O TEMPO
FRANCISCO CASTRO

ESPECTÁCULOS DE BALDE CON RESERVA PREVIA
NA MESMA SEMANA NO TELEFONO 981665597
EN HORARIO DE 16:00 A 21:00 HORAS



Deputación
DA CORUÑA



Concello de
CULLEREDO